

EDICTO DE APROBACIÓN DO PADRÓN DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR XUÑO 2024

Pola presente faise saber que por resolución de alcaldía nº 957/2024 foi aprobado o padrón do prezo público do servizo de “Axuda no fogar” correspondente ao mes de xuño 2024 , composto de 63 recibos e por unha contía total de 7.307,69 euros.

De conformidade co disposto no artigo 8.1 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos complementarios de educación nos colexios públicos de educación infantil e primaria do concello de Oroso a presente publicación terá o carácter de notificación colectiva, podendo os interesados examinar o expediente nas oficinas de Intervención-Tesouraría e interpoñer no seu caso os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do TR 2/2004 no prazo de un mes dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, perante o Alcalde-Presidente, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a resolución do recurso de reposición poderase interpoñer o correspondente recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

O período ordinario de pago será de trinta días naturais dende a aprobación e publicación do presente anuncio, transcorrido o cal as contías devindicadas poderán ser esixidas mediante o procedemento de constrinximento.

De conformidade co previsto no artigo 8.3 da ordenanza reguladora o medio de pago ordinario será o de domiciliación bancaria nas contas sinaladas polos obrigados ao pago, producíndose o cargo dentro dos dez primeiros días dende a aprobación do presente Padrón.

O Alcalde-Presidente

Alexander Doval Expósito.

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concellooroso.com

www.oros.es | www.concellooroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica municipal na dirección <https://sede.oros.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42 b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoste que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.